



Follas novas foi o segundo dos libros en galego de Rosalía. O título é un xogo. Son follas de papel, porque escribiu máis desde o outro libro, ou son follas das plantas que están nacendo e son noviñas?

Tamén aparece o xogo no poema "Follas novas, risa dáme" no que parece intentar dar unha explicación do título do libro.

A diferenza do libro anterior, que fora recoñecido no seu tempo con admiración, "Follas novas" recibiu críticas moi fortes. Porén, este libro supera ao anterior en calidade poética.

O mes de maio ten 31 días e é tan longo como outros seis meses máis, pero cando Rosalía di que é moi longo, os campesiños entendíano perfectamente. Maio é un dos meses con máis traballos no campo, e faise ben, ben longo.

A sombra era algo imaxinario pero que se creía moi real. Cando alguén enfermaba sen explicación dicíase que a "sombra" o posuíra, estaba "asombrado" e cumpría facer conxuros máxicos para sacarlle e curalo.

Padrón foi a localidade onde Rosalía viviu os últimos anos da súa vida, na Casa da Matanza. Hoxe en día é a Casa de Rosalía, un museo dedicado a ela.



Rosalía de Castro

En 1880 publica

Follas Novas

segundo libro de poemas,
obra de madurez e
fundamental na nosa literatura.

Rosalía Castro de Murguía

XUNTA DE GALICIA | COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA LUIS SEOANE

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

REAL ACADEMIA GALEGA


CASA DE ROSALÍA



Follas novas! risa dáme
ese nome que levás,
cal se a unha mouroa ben mouroa,
branca lle oise chamar.

—
Non Follas novas, ramallo
de toxos e silvas sós,
irtas, como as miñas penas,
feras, coma a miña dor.

—
Sen olido nin frescura,
bravas magoás e ferís...
Se na gándara brotades,
como non serés así!



Maio longo... maio longo,
todo cuberto de rosas,
para algúns telas de morte;
para outros telas de vodas.

Maio longo, maio longo,
fuches curto para min:
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.



<https://www.youtube.com/watch?v=wn7LNx4sWMM>



<https://www.youtube.com/watch?v=m7BSnJeaAFY>

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
Si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
en min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.



https://www.youtube.com/watch?v=53_-2CN9v8Y

